

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 1 DE DECEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, STAJ, AXG-CUT, UGT, CSIF e CC.OO. para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia.
- Acordo polo que se aproba a revisión do Plan especial de protección civil ante o risco sísmico en Galicia (Sismigal), que pasa a denominarse Plan especial de protección civil ante o risco de terremotos en Galicia (Sismigal).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña, para o desenvolvemento do Plan de infraestruturas universitarias no ano 2024.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e se autoriza a exención da presentación de garantías para a realización dos pagamentos á conta para aquelas entidades que non o teñan recoñecido no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación coas axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, por un importe total de doce millóns catrocentos tres mil douscentos euros (12.403.200 €). Tramitación anticipada de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, ambas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e se autoriza a exención da presentación de garantías para a realización dos pagamentos á conta para aquelas entidades que non o teñan recoñecido no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación coas axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de tres millóns setecentos sesenta mil oitocentos euros (3.760.800 €), e se autoriza a exención da presentación de garantías para os pagamentos á conta. Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación dos límites regulados no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, ambas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional, e se autoriza a exención da presentación de garantías para a realización dos pagamentos á conta para aquelas entidades que non o teñan recoñecido no artigo 65.4 do mencionado decreto, en relación coas axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de dezaseis millóns cincocentos cincuenta e dous mil douscentos euros (16.552.200 €), e se autoriza a exención da presentación de garantías para os pagamentos á conta. Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a superación do límite do 80 % nos pagamentos parciais, segundo o establecido no artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades públicas do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i e pola que se procede á súa convocatoria para o exercicio de 2026, por importe de vinte e oito millóns oitocentos noventa e sete mil cincocentos euros (28.897.500 €). Tramitación anticipada de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual, a superación do límite do 80 % do importe conxunto dos pagamentos á conta e a exención de presentación de garantías polo importe dos pagamentos á conta establecidos, na Orde da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do SUG en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio de 2026, por un importe total de dous millóns seiscentos vinte e cinco mil euros (2.625.000 €). Tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Tramitación anticipada do gasto. Importe total: cinco millóns trescentos noventa e nove mil novecentos noventa e catro euros (5.399.994 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto dunha ampliación de explotación de larva de mosca soldado negra promovido por Alternative Fats and Proteins of Galicia en Palas de Rei (Lugo).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da mellora da seguridade e accesibilidade peonil na AC-542. Betanzos, de clave AC/24/082.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón catrocentos dez mil cincocentos setenta e nove euros con seis céntimos (1.410.579,06 €).
- Acordo polo que se toma razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido polo Concello de Bueu á Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A. (Vipugal), así como da licitación pola mesma sociedade, do contrato do servizo de redacción de proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 21 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos nas parcelas 1.1, 1.2A e 1.2B do Plan parcial As Lagoas A1S1 do Concello de Bueu (Pontevedra), por un importe de licitación de douscentos vinte e cinco mil noventa e nove euros con vinte e dous céntimos (225.099,22 €) (expediente VPG-2025-0028).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de xiringas e material de punción con dispositivo de bioseguridade II con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de cinco millóns catrocentos noventa e sete mil cincocentos corenta e catro euros con corenta e nove céntimos (5.497.544,49 €) e un valor estimado de oito millóns cincocentos sete mil cincocentos sete euros con sesenta e oito céntimos (8.507.507,68 €). Tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Pontevedra para a continuación das obras no Teatro Cine Fraga de Vigo, por importe de vinte millóns oitocentos vinte e cinco mil cento cincuenta euros con vinte e oito céntimos (20.825.150,28 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello do Porriño para realizar o proxecto de acondicionamento de local e dotación de equipamento para a sala 2 da exposición Antonio Palacios, situado na rúa Antonio Palacios 6, O Porriño, por importe de cento corenta mil cincocentos sesenta e cinco euros con vinte dous céntimos (140.565,22 €).
- Acordo polo que se crea e se cualifica a colección museográfica Vicente Risco.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual en derivado da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao Programa 2026-2027, por un importe total de douscentos corenta e seis mil euros (246.000 €), así como a superación de límites do artigo 62.2 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual derivado da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en materia de museos e se convocan para o período 2026-2027, por importe de douscentos corenta e seis mil euros (246.000 €), así como a superación de límites do artigo 62.2 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e tramitado como expediente anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual derivado da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía e se convocan para o período 2026-2027, por importe total de catrocentos sesenta e tres mil douscentos oito euros (463.208 €), así como a superación de límites do artigo 62.2 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2026-2029 e se procede á primeira convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento do programa Galicia Suma Talento: Plan de formación empresas para os anos 2026-2027, por un importe total de oito millóns cincocentos mil euros (8.500.000 €), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para eximir as persoas beneficiarias da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo á Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras (ADSG) de Galicia e se convocan para o ano 2026-2027, cando o seu importe sexa superior aos dezaioito mil euros (18.000 €), para a realización de pagamentos anticipados en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.1.un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e para adquirir compromisos de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Tramitación anticipada de gasto. Importe total dous millóns trescentos oitenta mil euros (2.380.000 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio tipo de colaboración entre a Consellería do Mar e as asociacións dos grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) para a aplicación das estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, por un importe total de dez millóns douscentos mil sesenta e seis euros con oitenta e cinco céntimos (10.200.066,85 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Portos de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña para o estudo integral e a transferencia de tecnoloxía para a análise da interacción das diferentes compoñentes de espectro da ondaxe en dársenas portuarias, aplicación ao porto de Malpica de Bergantiños, por un importe total de douscentos sesenta e dous mil trinta e catro con cincuenta e nove céntimos (262.034,59 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Consellería do Mar pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipada de gasto, por importe dun millón novecientos mil euros (1.900.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a exención da obriga da presentación de garantías e a realización de pagamentos á conta e anticipos por importe conxunto de ata o 100 % nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2026, por importe de oitocentos cincuenta mil euros (850.000 €). Tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta a confrarías de pescadores, organizacións de produtores, cooperativas do mar, asociacións de profesionais do sector e outras entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas exclusivamente por profesionais ou entidades do sector pesqueiro, nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2026, por importe de seis millóns novecientos mil euros (6.900.000 €). Tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a colaboración entre Augas de Galicia e as entidades locais para a mellora das áreas de lecer en Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a actualización do rating da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación, por tramitación anticipada de gasto, do contrato de reforzo de firme nas estradas PO-840, PO-841 e PO-213, de clave PO/25/027.02, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de tres millóns seiscientos vinte e dous mil trescentos setenta e tres euros con dezaseis céntimos (3.622.373,16 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre as bolsas de formación en materia de arquivos, bibliotecas e museos.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para o fomento do emprego no medio rural a través de tarefas relacionadas coa prevención de incendios forestais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL PARA 2025 ASCENDE A MÁIS DE 1.100 PRAZAS

- Salienta que inclúe “803 prazas de acceso libre e 300 de promoción interna”
- Resalta que se convocarán “138 postos para os servizos de prevención e defensa contra os lumes”, o 90% para bombeiros forestais
- O Goberno galego volve esgotar a taxa de reposición que marca o Estado

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou o decreto da oferta de emprego público (OEP) da Administración xeral da Xunta de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico para este ano 2025, que ascende a máis de 1.100 prazas (1.103). “Serán 803 prazas de acceso libre e outras 300 para promoción interna”, indicou.

Rueda salientou que o obxectivo da Xunta é “reforzar a Administración con máis empregados públicos” e, por iso, o Goberno galego aplicou a taxa máxima de reposición permitida polo Estado, que é a establecida no ano 2023, xa que son os últimos orzamentos aprobados.

Esta oferta garante a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos poida acceder a un emprego fixo, estable e de calidade na Administración autonómica, tamén o dereito do persoal empregado público a unha promoción profesional.

Prazas de acceso libre

Do total das 803 prazas de acceso libre, máis de 370 serán para os principais corpos e escalas da Administración xeral, entre as cales destacan 160 prazas para persoal de limpeza e cociña, 60 para a escala de persoal subalterno, 49 do corpo auxiliar (C2), 11 do corpo administrativo (C1), 30 do corpo superior (A1), 30 do corpo de xestión (A2) e 11 do corpo administrativo (C1). Así mesmo, inclúense 10 postos da escala de letrados/as, 10 para a escala superior de finanzas e 16 para a escala técnica de finanzas.

Máis de 380 prazas son para escalas de administración especial, entre as que Rueda destacou as “138 prazas para o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais”, das que o 90% (124) serán para bombeiros forestais e 14 para xefes de brigada. Ademais, vanse convocar 108 para a escala auxiliar de coidadores/as, 50 para a escala de axentes técnicos de xestión ambiental e 30 para a escala auxiliar de cociña.

A todas estas prazas poderá acceder calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias.

Así mesmo, ofértanse un total de 38 prazas de acceso libre en entidades do sector público instrumental autonómico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Promoción interna

Ás prazas de acceso libre súmanse outras “300 prazas para a promoción interna do persoal funcionario de carreira”, uns procesos reservados a empregados e empregadas públicas que xa son persoal funcionario e que poden acadar un ascenso ou promoción profesional a postos de traballo de maior responsabilidade e retribución.

En concreto, e tal e como detallou o presidente, convocaranse 20 prazas para o corpo superior (A1), 50 para o corpo de xestión (A2), 75 para o corpo administrativo (C1) ou 153 prazas para o corpo auxiliar (C2), así como 2 prazas para a escala de inspectores e inspectoras de consumo.

Prazas reservadas para persoas con discapacidade

Rueda tamén resaltou que a reserva de prazas para persoas que acrediten discapacidade nesta oferta de emprego público acada “o 11,7 % das prazas”. Unha parte delas será para o acceso de persoas que acrediten discapacidade intelectual. A reserva é maior do que establece a lexislación, que marca un mínimo do 7 % para facilitar o acceso da discapacidade á función pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORA AS CONDICIÓN DO PERSOAL DE XUSTIZA EN GALICIA PARA GARANTIR OS OBXECTIVOS NA IMPLANTACIÓN DA NOVA OFICINA XUDICIAL

- O Goberno galego acordou coas forzas sindicais un incremento retributivo progresivo nos próximos tres anos que suma 7,5 millóns de euros
- Logo da posta en marcha da primeira fase, Galicia continúa avanzando na reforma, que terá que estar culminada o 31 de decembro

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de acordo para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia, co que se materializa o acordado coas organizacións sindicais para garantir os obxectivos na implantación da nova oficina xudicial. A medida enmárcase na entrada en vigor da Lei de eficiencia do servizo de xustiza e suporá un incremento retributivo progresivo que suma 7,5 millóns de euros nos próximos tres anos.

A medida é resultado das negociacións realizadas coas organizacións sindicais para a reorganización do persoal, no marco do esforzo feito polo Goberno galego para a implantación da reforma. Nesta liña, tamén se informou dos cambios organizativos aos distintos profesionais relacionados coa Administración de xustiza en Galicia e ás entidades locais, a través de diversas xornadas divulgativas. Ademais, estanse a desenvolver sesións formativas e acompañamentos presenciais para facilitar o manexo das novas ferramentas tecnolóxicas.

A Xunta lembra o impacto económico da reforma estatal que o Goberno galego tivo que asumir sen apenas transferencias do Estado. Así, a maiores da mellora das condicións laborais, a Administración autonómica estima un custo de 3,3 millóns de euros para a dixitalización das oficinas, dos que a Galicia se transferiron máis de 1,1 millóns de fondos.

Galicia continúa avanzando na implantación de Lei estatal de eficiencia do servizo público de xustiza, despois de ser a primeira comunidade autónoma na publicación, a comezos de setembro, das relacións dos postos de traballo da fase III das sedes xudiciais das sete grandes cidades. A posta en marcha da fase I da normativa en 38 partidos xudiciais dos 45 existentes en Galicia cumpriuse no prazo previsto, o 1 de xullo, e esta fase III terá que estar rematada o 31 de decembro para a posta en servizo o 2 de xaneiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA O PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE O RISCO DE TERREMOTOS EN GALICIA

- Actualízase así o documento aprobado en 2009 para a súa adaptación á nova normativa e á estrutura dos plans especiais autonómicos
- O Sismigal comprende as normas para a constitución do dispositivo de resposta e actuación fronte a situacións de emerxencia provocadas por sismos

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan especial de protección civil ante o risco de terremotos en Galicia (Sismigal), co que se actualiza o plan que fora aprobado en 2009 para adaptalo á nova normativa e á estrutura dos plans especiais autonómicos. Previamente, o documento foi informado de xeito favorable pola Comisión Galega de Protección Civil e polo Consello Nacional de Protección Civil. Logo da aprobación por parte do Consello, será publicada no *Diario Oficial de Galicia* a súa entrada en vigor.

O Sismigal comprende un conxunto de normas que constitúen o sistema e dispositivo de resposta e actuación fronte a calquera situación de emerxencia provocada por terremotos. Deste xeito, establece a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade lle corresponda á comunidade, e os que poden ser asignados por outras administracións ou pertencentes a actividades públicas ou privadas.

O obxectivo é coñecer o risco sísmico no ámbito territorial de Galicia e aumentar a resiliencia da poboación afectada. Nesta liña establécense as actuacións que permitan dispoñer de medios de evacuación, de lugares de aloxamento para persoas evacuadas, de medios de asistencia sanitaria e de mecanismos de restauración das vías de comunicación afectadas. Engádese ademais a definición de vías alternativas de comunicación, o mantemento e restablecemento dos servizos básicos, como a auga, luz, o teléfono ou a alimentación, a redución das perturbacións da vida cotiá e a información á poboación.

O documento inclúe a análise do risco con información territorial, caracterización da perigosidade e da vulnerabilidade sísmica por zonas, a estrutura e organización dos órganos de dirección e coordinación de emerxencias, e a operatividade, cos procedementos que deben desenvolver os diferentes servizos, centros e organismos involucrados. Unha vez entre en vigor, iniciarase o proceso de implantación coa distribución do documento a organismos implicados e concellos con risco de terremoto, así como co desenvolvemento de campañas informativas sobre medidas de protección entre a poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON PRETO DE 3 M€ Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA QUE LEVE A CABO UN PLAN INTEGRAL DE REHABILITACIÓN, MELLORA ENERXÉTICA E HUMANIZACIÓN

- A achega permitirá o arranxo do edificio Tenreiro na Escola Superior de Náutica, o pavillón de Colonias da Facultade de Fisioterapia e a aula Xoana Capdevielle
- Ademais, haberá outras reformas en envolventes, habitabilidade, seguridade e accesibilidade, renovación de subministro eléctrico, calefacción e climatización

A Xunta de Galicia apoiará con case 3 M€ á Universidade da Coruña (UDC) para que leve a cabo un plan integral de rehabilitación, mellora enerxética e humanización dos seus edificios. O Consello deu hoxe o visto e praxe a unha addenda a un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e a institución herculina para avanzar na execución do Plan de infraestruturas universitarias.

Trátase dunha partida de 2,81 M€, pertencente ao convenio de 2024, cuxo obxecto se modifica agora para reestruturar as actuacións de acordo co interese manifestado pola universidade. Súmase ao investimento de 2023, polo mesmo importe, que foi autorizado no seu momento para gastos correntes da propia entidade coruñesa. Está previsto, así mesmo, a subscrición de novos convenios sobre infraestruturas para 2025 e 2026.

A achega autorizada hoxe céntrase en tres liñas prioritarias de actuación: a rehabilitación mediante intervención en envolventes, habitabilidade, seguridade e accesibilidade, a mellora enerxética coa renovación das instalacións de subministro eléctrico, calefacción e climatización e, finalmente, a humanización no contorno de convivencia da comunidade universitaria por un importe de 1.124.000€.

Entre as obras cómpre destacar unha serie de intervencións no Campus da Coruña como e a rehabilitación do Edificio Tenreiro na Escola Técnica Superior de Náutica de máquinas por un importe de 1.525.000€. Así mesmo, acondicionarase o Pavillón de Colonias da Facultade de Fisioterapia (480.000€) e a aula de estudo Xoana Capdevielle (case 805.000 €). Todas elas teñen como obxectivo manter estes edificios en condicións axeitadas para desenvolver as súas actividades de docencia e de investigación.

En conxunto, as actuacións supoñen un investimento de 3,9 M€, dos cales 2,8 M€ apórtalos a Xunta e 1,1 M€ a UDC, tal e como figura na addenda do convenio autorizada.

Plan de infraestruturas universitarias 23-26

O Goberno galego aprobou en 2023 o Plan de infraestruturas universitarias cun orzamento total de 40M€ en total por parte do Goberno galego. Este investimento súmase, como unha cantidade adicional, ao Plan galego de financiamento universitario 2022-2026. Engádese, ademais, ao convenio asinado en 2021, por importe de 4,5M€, para a mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas universitarias como anticipo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo desta liña de actuación é seguir avanzando na consolidación da excelencia e calidade do Sistema Universitario de Galicia, a través de melloras nas infraestruturas dos sete campus adaptadas aos retos de futuro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA ATA MÁIS DE 64 M€ AS ACHEGAS NO ANO 2026 PARA GRUPOS DE INVESTIGACIÓN E CONTRATOS PREDOUTORAIS E POSDOUTORAIS

- Rueda salienta o compromiso do Goberno autonómico “coa investigación de selo galego, a I+G+i” e porque Galicia siga coma “unha das comunidades de cabeceira na aposta pola ciencia”
- O Consello dá luz verde, por anticipado de gasto, ás primeiras cinco convocatorias para investigadores do vindeiro ano
- Convocaranse preto de 200 novos contratos predoutorais e posdoutorais e darase apoio a 448 grupos de investigación, a maior cifra da historia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico incrementará ata máis de 64 millóns de euros a contía no 2026 “para apoiar a 448 grupos de investigación” e impulsar preto de 200 contratos predoutorais e posdoutorais en Galicia. Unha medida que se aproba por anticipado de gasto para dar certezas neste eido dentro da aposta da Xunta pola “investigación de selo galego, a I+G+i”.

Rueda enmarcou as axudas hoxe aprobadas na aposta da Xunta por xerar, reter e atraer talento e no obxectivo de dar un novo impulso para consolidar Galicia “no grupo de cabeceira das comunidades que máis apostan pola ciencia porque a ciencia é futuro”.

De feito, Galicia volve incrementar o investimento en I+D ata acadar a cifra récord de 1.058 M€. Así o acaba de publicar o Instituto Nacional de Estatística (INE) no seu informe relativo a 2024, cando a nosa Comunidade volveu medrar, neste caso, tres puntos máis que a media do Estado, grazas a un aumento no gasto nesta materia de 95 M€.

Esta aposta por reter, captar e atraer talento e coñecemento intensifícase coas cinco convocatorias aprobadas este luns, o eixo central para reforzar a carreira investigadora en Galicia desde o seu inicio. A estas axudas periódicas súmanse novas iniciativas como a creación da Fundación Galtia, para atraer talento investigador de alto nivel do estranxeiro, ou o programa Oportunius, para beneficiarios das bolsas máis prestixiosas de Europa, as do Consello Europeo de Investigación (ERC).

Coas convocatorias de hoxe, o investimento en vigor por parte do Goberno galego para grupos de investigación, contratos pre e posdoutorais e centros da Rede CIGUS supera os 313 M€ (62,5 M€ máis que o ano pasado) con arredor de 670 contratos financiados (450 predoutorais e 220 posdoutorais), así como con 448 grupos en activo e medio centenar de doutorandos industriais.

15 M€ para predoutorais

No que atinxe aos contratos predoutorais, “destínanse 12,4 M€ para a contratación de 102 investigadores” por un período de catro anos nas universidades públicas, en centros do CSIC na nosa Comunidade, nas fundacións sanitarias ou noutros organismos públicos de investigación como o Cesga (Centro de Supercomputación de Galicia). A finalidade do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programa é a formación do persoal nas súas etapas iniciais para que, mediante procesos formativos estables, adquiran as habilidades propias dos investigadores.

Trátase de contratos de catro anos de duración que inclúen estadias de tres meses no estranxeiro. O importe máximo da primeira e a segunda anualidade para cada axuda é de 24.600 euros anuais, para o terceiro ano é de 25.200 euros e de 30.600 euros no cuarto ano. Ademais, existe un período de orientación posdoutoral, unha vez defendida a tese e dentro dos catro anos, onde o importe máximo é de 31.500 euros anuais. Finalmente, a maiores, hai que engadir un complemento de estadia no estranxeiro que pode acadar os 6.000 euros de máximo, xa que varía en función da zona de destino.

No caso de investigadores predoutorais, a Xunta conta tamén cun programa específico denominado Doutoramentos industriais que facilita a contratación de 15 estudantes máis en empresas e centros tecnolóxicos nos cales desenvolverán a súa tese doutoral. Esta liña conta cun investimento de 2,5 M€ que, sumados aos contratos xa mencionados, elevan o investimento nesta etapa a 15 M€.

Os aspirantes deberán matricularse nun programa de doutoramento dunha universidade pública galega e ter unha persoa directora da tese vinculada ao programa. As axudas, que inclúen custos de contratación relacionados co proxecto da empresa ou centro tecnolóxico, así como apoios para a realización de estadias de tres meses no estranxeiro, buscan favorecer a investigación colaborativa e a transferencia de coñecemento.

Máis de 20 M€ para os posdoutorais

No caso das axudas posdoutorais, de seis anos de duración, destínanse 16,5 M€ para 49 contratos que teñen como obxectivo principal continuar formando os xa doutorados e que establezan unha liña de investigación que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria no sistema de I+D+i galego. Igual que no caso dos predoutorais, traballarán en calquera das universidades públicas, centros do CSIC en Galicia, fundacións sanitarias e organismos públicos de investigación como o Cesga.

Durante os primeiros tres anos de contrato, os beneficiarios recibirán un máximo de 32.800 euros ao ano. Ademais, recibirán un complemento por cada mes de estadia no estranxeiro segundo a zona de destino. Durante os tres seguintes anos, tras superar a avaliación intermedia, os beneficiarios recibirán 50.900 € anuais, incluídos os complementos para o establecemento dunha liña propia de investigación.

Ademais, deuse o visto e praxe á convocatoria de 24 contratos posdoutorais de continuidade, cun orzamento de case máis de 3,7 M€. Esta convocatoria ten como obxectivo completar a formación dos investigadores que aínda continúan no modelo antigo de posdoutorais de cinco anos, dividido en dúas fases de tres e dous anos, e cuxos contratos poden así estenderse a un total de seis anos en igualdade de condicións que os novos. Cunha duración de tres anos para a creación dunha liña de investigación propia, o importe máximo destas axudas será de 50.950 € ao ano, un 2 % máis.

Case 29 M€ a grupos de investigación

Finalmente, aprobouse a convocatoria de axudas dirixida aos grupos de investigación máis competitivos do sistema de I+D+i para o ano 2026, por un importe de case 29 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actualmente, hai 448 grupos de investigación en activo, a maior cifra da historia, que desenvolven o seu labor co apoio da Xunta en diferentes entidades.

Esta liña de axudas é o programa nuclear do Goberno galego no financiamento da I+D, co obxectivo de garantir un financiamento estrutural aos grupos científicos máis excelentes do sistema e a proxectos de alto impacto para a nosa Comunidade. Igual que nas convocatorias anteriores, a orde inclúe o apoio a grupos de referencia competitiva (modalidade A), que constitúen a elite do sistema investigador; a grupos de potencial crecemento (modalidade B), os que sen alcanzar os niveis de desenvolvemento dos anteriores teñen calidade investigadora, e a proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente (modalidade C), para que persoal investigador de alto impacto que actualmente non lidera ningún grupo teña a posibilidade de crealo.

Tamén se mantén o criterio de ter en consideración o liderado e a importancia do papel desempeñado polas mulleres nas propostas presentadas co fin de contribuír a reducir o desequilibrio entre as mulleres e os homes dedicados á investigación no sistema galego de I+D+i. De feito, esta aposta está dando os seus froitos: o número de mulleres dedicadas á I+D en Galicia incrementouse en 2024 con máis forza que no conxunto do Estado, en concreto un 1,95 % fronte ao 0,53 % de España, segundo os últimos datos do INE.

O financiamento varía en función dos ingresos medios anuais e as actividades de transferencia de coñecemento, oscilando entre os 15.000 e os 105.000 euros ao ano para cada grupo. As axudas poden destinarse tanto á contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación, ou de investigadores visitantes, como a sufragar ferramentas de xestión do coñecemento e a información (aplicacións, licenzas e programas informáticos, bases de datos, etc.), pequeno equipamento inventariable e material funxible, material bibliográfico ou a consultoría e o asesoramento externo, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA SEGUIRÁ A OFRECER PAGAMENTOS MENSUAIS DE ATA 800 EUROS ÁS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- O Goberno galego destina 5,4 millóns de euros á continuidade destas achegas, que se conceden de maneira ininterrompida desde hai 20 anos
- As axudas pódense solicitar durante todo o ano e están á disposición tamén das mulleres vítimas de explotación sexual ou trata, e para as que perderon os seus fillos a mans do agresor, nos casos de violencia vicaria

O Consello da Xunta autorizou hoxe a nova convocatoria para 2026 das axudas económicas de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. O orzamento desta orde é de 5,4 millóns de euros, ampliábles no caso de que for necesario, e poderanse solicitar durante todo o ano.

Estas achegas concédense de maneira ininterrompida por un período máximo de doce meses. A súa contía oscila entre os 200 e os 800 euros ao mes, en función dos ingresos, das fillas ou fillos menores a cargo ou de se estes teñen algunha discapacidade. Ademais, estas achegas poden ser solicitadas por mulleres vítimas de explotación sexual ou trata e violencia vicaria.

Os requisitos para recibir esta prestación periódica mensual son: ser maior de idade, estar empadroada e ter residencia en Galicia (ou permiso de residencia, no caso das estranxeiras), dispoñer duns ingresos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM e non ter recibido esta axuda con anterioridade.

Así mesmo, para recibir esta prestación, as mulleres beneficiarias deben demostrar que son violencia de xénero con documentos como ordes de protección, sentenzas xudiciais, acreditación administrativa ou outros informes das autoridades competentes.

Galicia leva 20 anos convocando, de maneira ininterrompida, esta orde de axudas. No que levamos deste 2025 concedéronse 596 achegas e o total de beneficiarias no período 2009-2025 son 7.810.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA A AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA FIRMA DE BIOTECNOLOXÍA ALFAPROGAL EN PALAS DE REI COMO NOVO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO

- A iniciativa, cun investimento de 100 millóns de euros, permite incrementar a capacidade de produción da planta, que pasará das 12.000 toneladas anuais ata as 62.000 e a creación de máis de 100 postos de traballo
- As instalacións lucenses dedícanse á cría, engorda e transformación de larvas de mosca soldado negra que logo son destinadas á produción de fariñas proteicas e graxas destinadas á alimentación animal
- Este é o décimo noveno proxecto industrial declarado estratéxico polo Goberno galego, que suman unha mobilización global de preto de 3.000 millóns de euros e máis de 4.700 postos de traballo

O Consello da Xunta de Galicia deu conta esta mañá da declaración como proxecto industrial estratéxico (PIE) das obras de ampliación da planta destinada á produción de fariñas proteicas e graxas con aplicacións industriais e agroalimentarias que a compañía Alternative Fats and Proteins of Galicia SL (Alfaprogal) ten no municipio lucense de Palas de Rei. Trátase de instalacións destinadas á cría, engorda e transformación de larvas de mosca soldado negra e ao posterior proceso industrial necesario para a obtención de produtos destinados a diferentes usos en agricultura e alimentación animal. O proxecto de ampliación suporá un investimento de 100,3 millóns de euros e a creación de 100 postos de traballo directos e 25 indirectos.

O proxecto promovido por Alfaprogal S.L ten por obxectivo aumentar a capacidade de produción de larva de mosca soldado negra das 12.000 toneladas anuais ata as 62.000 toneladas/ano. Deste xeito, as novas instalacións contarán cunha área de cría e engorda constituída por módulos automatizados de biofiltros, control de humidade, temperatura e iluminación, con sistemas de alimentación intelixentes e recirculación de substratos; e unha zona de procesamento industrial que incluírá liñas de renderizado, secado e separación de fases (sólida/líquida), con capacidade para producir fariñas desgraxadas e aceites industriais. Así mesmo, disporá dunha área de almacenamento e distribución onde se situarán os silos e depósitos para produtos finais, cámaras de estabilización, salas de ensacamento e carga.

O proxecto tamén inclúe a posta en marcha de varias infraestruturas ambientais que inclúen un sistema de captación de emisións, control de bioaeresois, recuperación enerxética e tratamento de efluentes. A previsión é que os traballos poidan comezar a mediados do vindeiro ano.

A empresa promotora, Alfaprogal S.L., constituíuse no ano 2022 e pertence ao Grupo BioFlytech, que ten a súa orixe nunha empresa de base tecnolóxica da Universidade de Alacante orientada ao desenvolvemento de procedementos técnicos e científicos para a cría artificial de dípteros. A súa finalidade era a de achegar solucións á demanda de proteínas alternativas en alimentación animal e de polinizadores efectivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este será o décimo noveno proxecto declarado estratéxico polo Goberno galego que, xunto cos anteriores, suman unha mobilización global de preto de 3.000 millóns de euros e máis de 4.700 empregos. Entre eles atópanse iniciativas como a planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no concello de Arteixo, promovida por AccionaPlug; a factoría de biometano impulsada por Norbiogás Biometanol no polígono industrial de Curtis, a nova planta de produtos do mar conxelados de Congalsa, na Pobra do Caramiñal (A Coruña) ou a ampliación da fábrica de Urovesa en Valga, entre outros.

A ampliación da planta de Alfaprogal, S.L. está incluída no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, dirixido a impulsar e facilitar a implantación e ampliación en Galicia de iniciativas que creen riqueza e contribúan ao desenvolvemento do tecido empresarial e industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO DE MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PEONIL NA AC-542 EN INFESTA, NO CONCELLO DE BETANZOS

- O Goberno galego convocará os actos expropiatorios para a continuación licitar as obras no primeiro semestre do ano 2026, que suporán un orzamento de máis de 1,4 M€
- Trátase de impulsar novas medidas en defensa da seguridade e da accesibilidade no treito inicial de 2,4 km da vía, cun itinerario peonil continuo e mellorando a visibilidade nos distintos accesos
- O proxecto incorpora as propostas do proxecto piloto elaborado por Stop Accidentes na contorna do centro Pai Menni, no marco da colaboración coa Xunta, e atende as demandas trasladadas polos veciños de Infesta

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde definitiva ao proxecto de trazado para a mellora da seguridade e accesibilidade peonil na estrada AC-542, en Infesta, no concello de Betanzos.

O investimento neste novo proxecto da Xunta superará os 1,4 M€, no cal se inclúe o pagamento dos sete predios necesarios para executar esta actuación. A aprobación definitiva deste proxecto no Consello da Xunta comporta a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos predios necesarios para executar esta intervención.

O Goberno galego prevé convocar os actos expropiatorios de levantamento das actas previas no primeiro semestre do vindeiro ano, para a continuación licitar as obras. O prazo de execución da actuación é de 12 meses.

A través do proxecto aprobado hoxe trátase de levar a cabo actuacións de acondicionamento e mellora no treito inicial de 2,4 quilómetros de lonxitude da estrada AC-542, desde o punto quilométrico 0+000 (intersección coa AC-840) e o punto quilométrico 2+400 (enlace coa A-6), habilitando un itinerario peonil continuo, accesible e seguro segundo a normativa de aplicación.

O proxecto informado hoxe polo Executivo autonómico incorpora as propostas do proxecto piloto elaborado por Stop Accidentes na contorna do centro Pai Menni de Betanzos, destinado a persoas con discapacidade. Neste caso, este proxecto impulsouse no marco do convenio de colaboración da Xunta e Stop Accidentes para o impulso de novas medidas en defensa da seguridade viaria.

As actuacións propostas nesta intervención incorporan así as medidas do proxecto piloto e atende outras demandas dos veciños de Infesta, sendo nalgúns casos coincidentes coas transmitidas polo centro Pai Menni e, noutros casos, complementarias.


O proxecto definitivo incorpora, respecto do sometido inicialmente, a información pública, as modificacións no trazado, entre as que se inclúen a habilitación dun carril central de xiro á esquerda para o acceso desde a AC-542 á N-VI en dirección á Coruña;

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desprazamentos lixeiros en posición de refuxios e paradas de autobús ou a configuración de prazas de aparcamento.


Así mesmo, inclúense ademais actuacións de mellora da seguridade peonil, como un novo paso de peóns máis preto dos accesos á Infesta e ao Tarreo, e actuacións de mellora da seguridade viaria, novas beirarrúas entre os quilómetros 1+930 e 2+120 e restriccións dos movementos de xiro á esquerda no acceso a Xan Roxo. Tamén se prevé o reforzo da sinalización de limitación de velocidade máxima e a ampliación de zonas restrinxidas a 50 km/h, ou a adaptación do deseño das vías de Pai Menni para o estacionamento temporal.

Plano coas principais actuacións no proxecto de trazado aprobado no Consello da Xunta:



Plano da planta de actuación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Glorieta no enlace da AC-542 coa N-VI

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DE SOLO DO CONCELLO DE BUEU PARA CONSTRUIR 21 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NAS LAGOAS

- O investimento autonómico estimado na execución das obras roldará os 4 M€
- O Goberno galego toma razón do expediente de aceptación da cesión gratuíta de tres parcelas nas Lagoas, para seguir ampliando o parque público residencial
- Nas vindeiras semanas licitarase por un orzamento de 225.000 euros a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 21 novas vivendas
- O Goberno galego xa ten en marcha, en diferentes fases de execución, preto de 3.000 vivendas e no ano 2026 sumará 1.000 fogares públicos máis a ese cómputo

O Executivo autonómico tomou razón hoxe da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido gratuitamente por parte do Concello de Bueu, que lle permitirá á Xunta impulsar a construción de 21 vivendas de promoción pública neste municipio pontevedrés da comarca do Morrazo.

Continuando co avance no compromiso do Goberno galego de duplicar o parque público de vivenda na Comunidade para o ano 2028, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública (Vipugal), recibiu o compromiso do concello desta cesión da titularidade gratuíta de tres parcelas situadas nas Lagoas, co fin de crear vivenda protexida na vila e seguir incrementando o parque público residencial autonómico.

O Consello da Xunta deulle tamén o visto e praxe á próxima licitación, por un orzamento superior aos 225.000 euros, da redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 21 vivendas públicas, garaxes e rochos na citada parcela, que acada unha superficie global de 1.000 metros cadrados (parcelas 1.1, 1.2.A e 1.2.B do Plan parcial As Lagoas A1S1), co fin de crear vivenda protexida na vila e seguir incrementando o parque público residencial autonómico.

O investimento estimado na execución destas obras roldará os 4 M€.

A Xunta, a través de Vipugal, licitará estes contratos e os técnicos ou as empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

Con esta nova cesión de solo, Bueu súmase aos 12 concellos que nesta lexislatura están xa a colaborar coa Xunta para o desenvolvemento de vivenda pública. Esta rede inclúe concellos como Pontevedra, Lugo, Teo, Lalín, A Estrada, A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Ames, Carballo, Narón, San Cibrao das Viñas ou Arteixo.

O Goberno galego mantén o compromiso de duplicar o parque público residencial nesta lexislatura, tendo en marcha e en diferentes fases de execución preto de 3.000 vivendas e co obxectivo de sumar no ano 2026 1.000 fogares públicos máis a ese cómputo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE CASE 5,5 M€ EN TRES ANOS PARA A COMPRA DE XIRINGAS E MATERIAL DE PUNCIÓN PARA O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta supón a cuarta compra centralizada do Sergas deste tipo de material e permitirá un aforro de máis de 346.660 euros por ano
- Esta licitación forma parte do Plan de compras do departamento sanitario galego, co que se segue coa unificación do material de uso común
- Ademais de garantir a subministración deste material, a compra tamén ten como obxectivo a extensión da utilización de dispositivos de bioseguridade para reducir os accidentes laborais con risco biolóxico
- No ano 2024, o consumo deste material superou as 19.200.000 unidades

O Executivo galego autorizou hoxe, por un importe 5.497.544 euros e un período de tres anos, a contratación da subministración sucesiva de xiringas e material de punción con dispositivo de bioseguridade para o seu uso nas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

O valor estimado do contrato acada os 8.507.507 euros, tendo en conta as posibles prórrogas por un máximo de 24 meses.

Esta é a cuarta contratación centralizada do Servizo Galego de Saúde deste tipo de material, que permitirá un aforro estimado de 346.660 euros por ano, o que representa, para os tres anos de vixencia do contrato, un aforro de máis dun millón de euros.

Esta licitación forma parte da programación do Plan de compras do Servizo Galego de Saúde, co que se segue coa unificación do material de uso común e repetitivo.

As agullas e xiringas son produtos básicos e de uso común en todos os centros sanitarios para a administración de medicación ou extracción de fluídos para a realización de mostras diagnósticas.

A utilización de catéteres periféricos e determinados tipos de agullas especiais (reservorio, con aletas) é unha práctica habitual para a administración de fármacos e/ou soroterapia na maioría dos procesos patolóxicos dos pacientes. Ademais de garantir a subministración deste material, esta compra ten como obxectivo a extensión da utilización de dispositivos de bioseguridade nos aparellos de punción para a prevención, entre o persoal sanitario, de lesións causadas por material punzante e a exposición e contaminación con axentes biolóxicos e, polo tanto, a redución dos accidentes laborais con risco biolóxico.

No ano 2024, o consumo deste material superou as 19.200.000 unidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE XUNTA E DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA INVESTIRÁN MÁIS DE 20,8 M€ EN COMPLETAR A REHABILITACIÓN DO TEATRO CINE FRAGA DE VIGO

- “O obxectivo é convertelo nun centro cultural referente de todo o noroeste peninsular”, salienta
- O conselleiro de Cultura asegura que se trata “dun proxecto de país” para “devolverlle a cidadanía un edificio emblemático” que leva 20 sen actividade
- O Consello dá o visto e praxe ao convenio para que o Goberno galego achegue o 51 % da contía e o organismo provincial o 49 % restante, segundo a titularidade deste
- Tirarase proveito dos 7.000 metros cadrados para ofrecer unha ampla programación que teña en conta as achegas da cidadanía ao longo do proceso participativo
- A previsión é poder licitar as obras a mediados de 2026
- O inmobile está aberto ao público con visitas comentadas dous días á semana, nas cales xa participaron medio milleiro de persoas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou asinar un convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra “para investir máis de 20,8 millóns de euros en completar a rehabilitación do Teatro Fraga de Vigo” co obxectivo de converter este edificio “nun centro cultural referente de todo o noroeste peninsular”.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, salientou que se trata dun “proxecto estratéxico de país” co que se busca “devolverlle a cidadanía un edificio emblemático logo de 20 anos sen actividade” e recuperar un espazo “que forma parte da memoria colectiva de Vigo e de Galicia”.

Este fito será posible logo do visto e praxe dado hoxe ao convenio plurianual 2025-2028 mediante o que o Goberno galego alcanzará o 51 % desta contía e o organismo provincial o 49 % restante, tendo en conta a porcentaxe de titularidade de cada unha das institucións públicas deste icónico inmobile.

O obxecto deste convenio é dar continuidade ás obras xa executadas no proxecto orixinal polo equipo técnico do arquitecto César Portela, autor e propietario intelectual delas, e a quen, consecuentemente, se lle adjudicou por contrato de exclusividade a redacción do proxecto básico e de execución, así como a dirección das novas actuacións. Precisamente, prevese para abril do ano que vén a presentación do proxecto, co obxectivo, tal e como explicou o presidente, “de poder licitar as obras a mediados de 2026”.

Plan de usos redactado

Deste xeito, a rehabilitación ten por obxecto respectar a intervención xa realizada segundo o proxecto orixinal para converter este edificio emblemático, de 7.000 metros cadrados, no epicentro da innovación cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Cómpre lembrar que o Teatro Cine Fraga conta xa cunhas liñas estratéxicas definidas e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

un plan de usos perfilado con achegas feitas pola cidadanía a través da campaña, presencial e virtual, *O mellor espazo busca o mellor contido*.

A finalidade destas actuacións é recuperar o Teatro Cine Fraga para transformalo nun espazo arquitectónico flexible e polivalente que favoreza a produción e experimentación, a través de “obradoiros, laboratorios de ideas ou residencias artísticas”, segundo explicou o conselleiro. Nesta liña, propónse a posta en marcha de residencias artísticas para profesionais locais e tamén de todo o noroeste peninsular, dando pulo e espazo a creadores da cidade e propiciando sinerxías e colaboracións entre artistas do territorio galego, do resto de España e de Portugal.

Visitas comentadas antes de que comecen as obras

Cómpre salientar o interese da cidadanía por este inmovible que se viu reflectido, tanto na alta participación para facer achegas ao seu plan de usos como na numerosa asistencia ás visitas comentadas abertas ao público, que se realizan dúas veces por semana desde mediados de outubro ata xuño do ano que vén e nas que xa participaron medio milleiro de persoas.

Dá testemuño desta expectación polo Teatro Cine Fraga o feito de que as tres quendas das visitas dos mércores esgotáronse en menos dun mes da súa apertura ao público, o pasado 15 de outubro, polo que se procedeu a amplialas tamén aos sábados en tres franxas horarias ao longo do día, que se poden reservar a través de inscrición telefónica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ACHEGA MÁIS DE 140.000 € PARA AMPLIAR O ESPAZO EXPOSITIVO DEDICADO A ANTONIO PALACIOS NO PORRIÑO

- O Consello dá luz verde a este investimento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para acondicionar un novo local, anexo ao xa existente sobre o arquitecto
- O departamento de Cultura do Goberno galego e o Concello asinan un convenio para que conte co equipamento necesario de cara a unha futura musealización conxunta
- A iniciativa responde ao compromiso do Executivo autonómico coa dotación das mellores infraestruturas culturais en todo o territorio ao servizo da cidadanía

A Xunta de Galicia achegará máis de 140.000 € para a ampliación do espazo expositivo existente no Porriño dedicado ao afamado arquitecto Antonio Palacios. Así se acordou hoxe no Consello do Goberno galego, no cal se lle deu o visto e prace ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e este concello pontevedrés, do que era orixinario e no cal existen numerosas obras da autoría dun dos urbanistas máis prestixiosos do século pasado.

Cómpre lembrar que o Concello do Porriño xa conta na actualidade cunha sala de exposicións de Antonio Palacios, situada na rúa do mesmo nome ca o arquitecto. Este local está dedicado a pór en valor a súa figura e os proxectos, un tarefa para a que se ten detectado a necesidade de contar con máis espazo. Consecuentemente, decidiuse unha ampliación ao local contiguo, que é preciso acondicionar e dotar de equipamento axeitado.

Con esta intención, e de cara á unha posible futura musealización conxunta dos dous espazos, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude colaborará con máis de 140.000 € que se destinarán, entre outras obras, a actuar na fachada acristalada e traseira, a illamentos, pavimentos, climatización, iluminación e instalación eléctrica, ademais da ampliación da zona elevada para a colocación da maqueta do coñecido *Plan para Vigo* de Antonio Palacios.

Segundo o convenio, o departamento de Cultura destinará un total de 3.630 euros na anualidade de 2025 dirixidos á redacción do proxecto e dirección de obra, mentres que os 136.935 restantes, orzamentados para o 2026, irán dirixidos a levar a cabo as actuacións para o acondicionamento do local.

A iniciativa responde ao compromiso que mantén a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude con dotar o territorio coas mellores infraestruturas culturais colaborando coas distintas administracións, especialmente as locais, e investindo en proxectos que poñen os recursos máis axeitados neste eido ao servizo da cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA A INTEGRACIÓN DA COLECCIÓN VICENTE RISCO NO SISTEMA GALEGO DE MUSEOS

- O Consello dá o visto e praxe ao acordo para a creación e cualificación desta colección museográfica, titularidade da fundación dedicada ao autor
- Únese deste xeito aos 95 espazos recoñecidos pola lei, que distingue 70 museos, tres centros de interpretación do patrimonio cultural e 22 coleccións
- O legado está composto por fondos documentais, bibliográficos, plásticos e por outras pezas como mobiliario ou útiles domésticos pertencentes á familia
- O Goberno galego valora o interese cultural para Galicia que presenta a figura do intelectual e a súa herdanza literaria, artística, política ou etnográfica
- O proxecto expositivo desenvólvese no concello ourensán de Allariz, na que fora a casa familiar do homenaxeado

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo para a creación e cualificación da colección museográfica Vicente Risco, xestionada pola fundación dedicada ao autor e composta por fondos documentais, bibliográficos, plásticos e familiares, que pasará así a integrarse no Sistema galego de centros museísticos.

Deste xeito, esta nova incorporación súmase ás 22 coleccións rexistradas actualmente nesta rede (aquelas que sen reunir os requisitos propios para funcionar como un museo, cumpren con criterios museográficos), aos 70 museos e aos tres centros de interpretación do patrimonio cultural, as categorías recoñecidas pola Lei de museos 7/2021.

Así, o legado titularidade da Fundación Vicente Risco gozará do recoñecemento que supón estar baixo o paraugas deste sistema, podendo acceder a convocatorias de axudas específicas, participando en xornadas técnicas e contando coa garantía de que cumpre con todos os requisitos en canto a instalacións e o plan museolóxico, o documento que recolle todos os programas necesarios para o desenvolvemento dunha colección museográfica e que determina as áreas de funcionamento, prioridades e necesidades.

O Goberno galego considerou, neste senso, o valor e interese cultural que presenta a figura de Vicente Risco, membro da Xeración Nós, e a súa herdanza literaria, artística, política e etnográfica para a historia de Galicia. Ademais, tamén se tivo en conta a importancia do centro como revulsivo na dinamización da vida social e cultural da vila de Allariz, onde se localiza, e da súa contorna, favorecendo a inclusión neste territorio en liña coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Un legado que vai de pezas artísticas a útiles domésticos

A colección museográfica Vicente Risco está integrada polos fondos documentais, bibliográficos e plásticos de Vicente Risco, do seu fillo Antón, así como outros fondos familiares doados á fundación pola familia. Unha dotación inicial á que hai que engadir doazóns posteriores realizadas por diversos colectivos, o que conforma un contido de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

moi diversa natureza que abrangue arte, artes decorativas, antropoloxía, historia ou literatura.

Entre as pezas atópanse documentos dos traballos de Vicente e Antón Risco vencellados á súa actividade ensaística, académica, política ou a colaboracións na prensa, así como libros de estudo e ambos os dous autores. Tamén se recolle a obra plástica de pai e fillo, así como de diversos artistas, especialmente galegos, cos que mantiveron relación persoal ao longo da súa vida, que van desde debuxos ata gravados, entre outras creacións.

Por outra banda, tamén se conta con fondos documentais relacionados con Allariz e Castro Caldelas, que por diversos motivos custodiaron as familias Martínez-Risco e Fernández, destaca o do propio Vicente Risco, esencial para estudar e comprender a enorme vida cultural, académica, social e política da Galicia da primeira metade do século XX. A isto hai que engadirlle mobiliario, fotografías e outros útiles domésticos e de uso persoal pertencentes a Vicente Risco e á súa familia.

O proxecto expositivo

O espazo cultural dedicado a Vicente Risco sitúase na casa familiar de María del Carmen Fernández Gómez, a que fora a súa muller. Nesta vivenda, situada no número 3 da rúa San Lourenzo, na localidade ourensá de Allariz, viviu o matrimonio e os seus fillos. Trátase dun inmovible da burguesía urbana construído a mediados do século XIX que consta de tres plantas, cun pequeno xardín na parte posterior. Logo de varias décadas de abandono, o Concello mercouno en 1996, restaurouno e cedeu o seu uso como sede da fundación.

O percorrido comeza na planta baixa, onde se presenta a Vicente Risco a través de retratos realizados por artistas galegos, como unha homenaxe á súa figura, e onde se realizan actividades como presentacións de libros, música ou conferencias. A principal está dividida en diferentes espazos dedicados aos temas de arte, historia ou literatura, entre outros, e no terceiro andar expóñense obras que continúan a traxectoria de Risco e inclúe unha sala de investigación. O discurso organízase cronoloxicamente, amosando a relevancia do autor como pensador, escritor, investigador, teórico da arte, político e creador, ao longo das décadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DUN MILLÓN DE EUROS A 69 BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECAS, ARQUIVOS E MUSEOS

- O Consello dá luz verde á convocatoria 2026-2027 que incluírá 33 prazas na Rede de Bibliotecas de Galicia, 18 no sistema de arquivos e 18 no de centros museísticos
- O obxectivo desta iniciativa é impulsar a formación especializada do futuro persoal técnico destes centros e posibilitar unha aprendizaxe máis práctica
- O número de persoas que solicitan estas bolsas medrou un 55 % desde o ano 2020, cun total de 1.893 persoas presentadas

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases e a convocatoria para o período 2026-2027 das bolsas de formación en arquivos, museos e bibliotecas, ás cales a Xunta de Galicia destina 955.000 euros para ofertar un total de 69 prazas. Trátase dunha iniciativa que busca impulsar a formación especializada do futuro persoal técnico dos centros, así como posibilitar a súa aprendizaxe desde unha perspectiva máis práctica.

No caso da formación en biblioteconomía, convócanse 33 prazas para bolsas de formación con acompañamento de titores en diversos centros da Rede de Bibliotecas de Galicia. A estadía permitirá que as persoas participantes poidan afondar nas técnicas de uso e tratamento dos fondos bibliográficos, na atención aos usuarios e na planificación, xestión e execución dos distintos servizos bibliotecarios. Estas bolsas, cun prazo máximo de 13 meses, poderán desenvolverse na Biblioteca de Galicia, na Cidade da Cultura; na Ánxel Casal de Santiago de Compostela, na Miguel González Garcés da Coruña, na de Lugo, na Nós de Ourense, na Antonio Odriozola de Pontevedra, na Juan Compañel de Vigo ou na Biblioteca Pública Central de Ferrol.

No tocante aos arquivos, ofreceranse 18 prazas nos arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia que contén con persoal técnico. A formación, que terá unha duración máxima de 12 meses, comprenderá unha parte práctica e outra teórica e estará relacionada cos procesos técnicos que se realizan nestes centros e coa xestión dos seus fondos documentais.

Respecto dos espazos museísticos, a convocatoria inclúe 18 prazas cunha duración máxima de 12 meses. Neste caso, as actividades que desenvolverá o persoal bolseiro inclúen aspectos de documentación, difusión e didáctica. Deste xeito, os participantes poderán coñecer os labores de conservación, rexistro, inventario, catalogación, organización de visitas guiadas, búsqueda de información ou manipulación de pezas, entre outras.

En todos os casos, as persoas bolseiras comezarán a súa experiencia ao longo do segundo semestre do ano 2026 e recibirán unha cuantía de 1.010 €, no caso das bibliotecas, e de 1.055 €, no dos arquivos e museos. Cómpre lembrar que as persoas interesadas en participar deberán enviar a solicitude a través da sede electrónica unha vez que se publiquen no *Diario Oficial de Galicia* e cumprir cos requisitos recollidos na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

convocatoria, entre os cales se inclúe a formación académica, o coñecemento da lingua galega ou non ter participado nestas mesmas bolsas con anterioridade.

A convocatoria para o vindeiro ano dá continuidade ao traballo iniciado pola Xunta de Galicia no ano 2020 co obxectivo de proporcionar unha aprendizaxe teórico-práctica que, engadida á formación académica que se lles esixe ás persoas participantes, contribúa a completar e ampliar o seu currículo académico. Trátase dunha medida cuxa acollida medrou desde a súa posta en marcha nun 55 %, e acadou un total de 1.893 persoas presentadas desde 2020. Este interese motivou o crecemento da achega feita pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude nun 24 %, pasou de 775.000 € aos 955.000 € actuais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIA A FORMACIÓN Á DEMANDA DAS EMPRESAS CUN NOVO MARCO QUE REFORZA A PLANIFICACIÓN E INCLÚE UNHA OFERTA DE CURSOS MÁIS AMPLA E MODUDABLE

- O Consello da Xunta de Galicia analizou as bases de Galicia Suma Talento: Plan de formación empresas, que establece un marco xurídico de catro anos con axudas para a posta en marcha de formacións adaptadas ás demandas e perspectivas de crecemento do tecido produtivo
- A convocatoria específica de 2026-2027, dotada con 8,5 M€, permitirá cualificar 2.800 persoas desempregadas, cun compromiso de contratación de entre o 40 % e o 60 % do alumnado participante, pechando así o círculo entre a formación e a inserción laboral
- Ademais, establécese un prazo de execución das accións ata marzo de 2027, o que contribuirá a desestacionalizar a oferta formativa e a adaptala de maneira óptima aos requirimentos das empresas, clústeres ou das asociacións empresariais
- O novo marco ofrece un amplo abano de accións formativas tanto do SEPE como da formación profesional con graos A, B e C para responder de xeito flexible ás necesidades de cualificación e de perfís emerxentes
- Ao abeiro da orde, sectores estratéxicos como a automoción, defensa ou o alimentario, entre outros, poderán solicitar e impartir cualificacións específicas e incorporar o persoal formado para reforzar ou poñer en marcha as súas liñas produtivas

Galicia continúa a avanzar no proceso de renovación integral das políticas activas de emprego co obxectivo de dar unha resposta máis eficaz a tres retos chave que presenta o mercado laboral: a cobertura de vacantes, o impulso da competitividade empresarial e a creación de novas oportunidades para as persoas desempregadas. Nese contexto, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á primeira convocatoria de *Galicia Suma Talento: Plan de formación empresas*, unha iniciativa que integra nun único instrumento formación, empresa e talento. A orde, dotada con 8,5 millóns de euros para o período 2026-2027, permitirá cualificar máis de 2.800 persoas desempregadas mediante accións formativas directamente demandadas polo tecido produtivo —atendendo ás súas necesidades reais e ás súas perspectivas de crecemento— e cun compromiso de contratación de entre o 40 % e o 60 % do alumnado participante.

Esta primeira convocatoria quedará encadrada nunhas novas bases reguladoras que abranguen un período de catro anos (2026-2029) co obxectivo de ofrecerlles ás empresas un marco estable e con seguridade xurídica para a planificación das súas necesidades de capacitación, facilitando a programación estratéxica da formación que require o tecido produtivo. Ademais, no caso concreto da convocatoria 2026-2027, establécese un prazo de execución das accións ata marzo de 2027, o que contribúe a desestacionalizar a oferta formativa e a adaptala de maneira óptima ás necesidades específicas das empresas, dos clústeres e das asociacións empresariais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre destacar tamén que a orde recolle dúas liñas de accións formativas, ampliando de xeito estratéxico os itinerarios dispoñibles e incluíndo tanto especialidades do catálogo do Servizo Público de Emprego como accións do sistema de formación profesional, con formacións formais e acumulables de grao A, B e C. Isto posibilita itinerarios máis completos e habilitantes, que ofrecen tanto programas de longa duración como microformacións especializadas, e converten esta liña de axudas nun instrumento máis áxil, flexible e capaz de responder ás necesidades de cualificación e aos perfís profesionais emerxentes.

Grazas a este novo enfoque, a iniciativa achega ás empresas formacións flexibles, modulables e plenamente axustadas á demanda, aliñadas coas súas necesidades reais e cos seus plans de crecemento. En paralelo, promóvense novas oportunidades laborais para as persoas desempregadas, que se forman especificamente para cubrir os postos que precisan as organizacións participantes. Ao abeiro desta medida, empresas ou clústeres de sectores estratéxicos —como a automoción, defensa, o sociosanitario ou agroalimentario— poderán solicitar e impartir cualificacións específicas e incorporar o persoal formado para reforzar tanto as súas actividades actuais como as súas futuras liñas produtivas. A convocatoria de achegas analizada hoxe polo Consello da Xunta publicarase na segunda quincena de decembro no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Detalles da convocatoria

Poden optar ás unidades formativas con compromiso de contratación en empresas —soas ou agrupadas temporalmente— ou centros acreditados para impartir formación profesional en Galicia —asumindo o compromiso de contratación mediante acordos ou convenios con empresas—. No caso dos clústeres e das asociacións empresariais que resulten beneficiarios actuando como entidades de formación, poderán realizar a contratación das persoas traballadoras nas empresas adheridas. Para acceder a estas accións, as alumnas e os alumnos deberán estar rexistrados como demandantes no SPEG e non estaren ocupados na data de inicio dos cursos. Poden obviar este trámite as persoas mozas inscritas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, tamén potenciais beneficiarias da cualificación.

Ao respecto das formacións, estas realizaranse en formato presencial. Canto ao compromiso de contratación, será dun mínimo do 60 % do alumnado aprobado e/ou formado no caso de contratos cunha duración de polo menos 6 meses, ou dun 40 % se é por un período igual ou superior aos 12 meses. A contía das achegas calcularase en función do custo da formación da especialidade impartida, da duración e do número de participantes. Cómpre sinalar que a orde, aplicando o réxime de concorrência non competitiva, axiliza o proceso de concesión de subvencións, favorecendo que as empresas accedan á formación e cobertura dos postos de traballo de xeito inmediato.

Conexión entre formación e emprego

Estes apoios teñen como finalidade complementar as demais medidas que a Xunta está a impulsar para aliñar a oferta formativa cos postos que as empresas necesitan cubrir e para ofrecerlles novas oportunidades ás persoas en situación de desemprego. Ademais, complétase coa iniciativa *Galicia Suma Talento: Emprégate*, dotada con 19,7 M€ en 2026,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e que, por primeira vez, avanza na coordinación entre as accións formativas autonómicas e os apoios á incorporación laboral, incluíndo incentivos á contratación indefinida de persoas desempregadas que, nos dous últimos anos, completasen accións de AFD, obradoiros de emprego, programas integrados de emprego ou un contrato formativo do programa de primeira experiencia profesional. O programa inclúe tamén, por primeira vez, un incremento do 25 % na axuda ao centro de traballo cando a persoa incorporada superase estudos vencellados ás bolsas para a mocidade galega do exterior BEME nos dous anos previos, pechando así o círculo entre formación e inserción laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA REFORZA O SEU APOIO AO LABOR DAS AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRAS CUN INVESTIMENTO DE 2,38 M€ EN AXUDAS PARA O ANO 2026

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para convocar novamente estas axudas, que subvencionarán os programas de planificación zoosanitaria que se desenvolvan entre o 1 de marzo de 2026 e o 28 de febreiro de 2027
- Estas entidades desenvolven os programas de prevención e control de determinadas enfermidades animais, que melloran as condicións hixiénicas e de benestar animal das explotacións e contribúen a manter o bo estado sanitario da cabana galega
- Os gastos subvencionables serán os derivados da contratación de servizos técnicos veterinarios ou da remuneración do persoal veterinario responsable das agrupacións para a realización dos distintos programas, pero tamén a compra de material funxible

A Xunta destinará 2.380.000 euros o vindeiro ano ás axudas para as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG), cos que se financiará o traballo que realizan estas entidades para desenvolver os programas facultativos de prevención e control de enfermidades animais. O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a convocatoria de 2026 destas achegas e, ademais, a autorización da exención da obriga de constituír garantías por parte dos beneficiarios.

Os programas de planificación zoosanitaria que se subvencionarán serán aqueles que se desenvolvan entre o 1 de marzo de 2026 e o 28 de febreiro de 2027. Estes programas reforzan as condicións hixiénicas das explotacións e de benestar animal, elevan o seu nivel produtivo e sanitario e contribúen a acadar un mellor status sanitario para a cabana gandeira galega.

Os gastos subvencionables serán os derivados da contratación de servizos técnicos veterinarios ou da remuneración do persoal veterinario responsable das agrupacións para a realización dos distintos programas zoosanitarios. Tamén se financiarán os gastos derivados da compra de material funxible como luvas e calzas, así como tubos de extracción de sangue e agullas.

Poderán optar a estas subvencións as entidades asociativas agrarias que estean inscritas no rexistro oficial de ADSG e quedarán excluídas as formadas exclusivamente por cebadeiros de gando vacún. Así mesmo, deberán estar integradas por explotacións de produtores gandeiros en activo que teñan a condición de pequenas ou medianas empresas, ademais de estar ao día das obrigas tributarias e da Seguridade Social. Cómpre destacar que na última convocatoria destas axudas resultaron beneficiarias un total de 63 agrupacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Obxectivos destas achegas

A finalidade última destas axudas é seguir mellorando o estado sanitario das explotacións gandeiras galegas mediante a execución de programas zoosanitarios comúns para a prevención e control de enfermidades dos animais. Así mesmo, cabe destacar que estas agrupacións tamén facilitan o cumprimento da normativa vixente referente á identificación, ao benestar e á sanidade animal. Mediante estas achegas preténdese avanzar na integración de gandeiros nestas entidades e establecer axudas proporcionais ao esforzo económico que realizan estas agrupacións nos devanditos programas.

A maiores, no contexto do mantemento do nivel da sanidade animal, resulta determinante consolidar esta estrutura asociativa das AD SG, vinculada aos propios gandeiros. Así, entre as enfermidades con programa sanitario nas agrupacións, atópanse a rinotraqueíte infecciosa bovina (IBR), a diarrea vírica bovina (BVD) ou a paratuberculose no gando bovino, ovino e cabrún. Tamén están incluídas a enfermidade de Aujeszky, no gando porcino; a salmonelose ou a influenza aviaria, nas explotacións aviares; ou a mixomatose e a enfermidade vírica hemorráxica, nos coellos.

Ademais, as AD SG poden executar as medidas adicionais en materia sanitaria que sexan necesarias nas explotacións a elas adheridas, segundo as condicións sanitarias da zona e as características particulares de cada agrupación, polo que poden colaborar na vixilancia de enfermidades como a lingua azul ou a enfermidade hemorráxica epizoótica, así como na vacinación de lingua azul.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 18 M€ ÁS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO NAS CALES COLABORAN OS GALP

- Estes apoios teñen como obxectivos o fomento da economía azul e do patrimonio cultural marítimo, a creación de emprego e favorecer a remuda xeracional
- Desde a entrada en vigor do Fempa, Mar financiou 339 iniciativas que están a mobilizar no litoral galego máis de 45 M€
- Os oito grupos de Acción Local existentes en Galicia representan máis de 13.000 profesionais do sector pesqueiro

O Consello da Xunta de Galicia deu conta das axudas destinadas a proxectos das estratexias de desenvolvemento local participativo en que colaboran os grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP), e que contan cun orzamento por parte da Consellería do Mar de preto de 18 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

Asemade, e co obxectivo de facilitarlles o acceso ás entidades beneficiarias, a Administración autonómica ofrécelles ás entidades beneficiarias a posibilidade de solicitar o anticipo das achegas e elimina a exención de garantías, un trámite administrativo este último que ata o de agora era de obrigado cumprimento para poder acceder a estas subvencións.

Os proxectos, que se desenvolverán nalgún caso ata 2029, promoverán un impulso económico e social significativo nas comunidades costeiras. Desde a entrada en vigor do actual Fempa, a Administración autonómica financiou 339 iniciativas que están a mobilizar no litoral galego máis de 45 millóns de euros.

Beneficiarios

Os potenciais beneficiarios destas axudas -pequenas e medianas empresas e persoas autónomas, así como persoas xurídicas sen ánimo de lucro como as confrarías de pescadores ou outras entidades do sector- poden presentar proxectos ao abeiro dos oito GALP existentes na Comunidade para aumentar o valor, crear emprego, valorar o fomento da participación das mulleres, atraer xente nova e promocionar a innovación en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura.

Entre os obxectivos das iniciativas tamén están o fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas, o aproveitamento do patrimonio ambiental -incluídas as operacións de mitigación do cambio climático-, o impulso do benestar social e do patrimonio cultural ou o reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e a gobernanza dos recursos e das actividades marítimas locais.

Para poder aplicar as estratexias de desenvolvemento local participativo, a Consellería do Mar seleccionou a finais do ano pasado oito GALP. Son os da Mariña-Ortegal, Golfo Ártabro Norte, Golfo Ártabro Sur, Costa da Morte, SEO de Fisterra, Ría de Muros e Noia, Costa Sostible, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo-A Guarda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes oito grupos engloban máis de 400 organizacións locais en representación dos sectores económicos, sociais e públicos, das que preto dun cento pertencen ao sector pesqueiro representando máis de 13.000 profesionais do mar. Neste sentido, Galicia foi a primeira comunidade autónoma en seleccionar os grupos, en aprobar as súas estratexias e en lanzar a convocatoria de axudas.

Resultados do período FEMP

Con respecto ao anterior fondo, o FEMP, entre 2016 e 2022, executáronse algo máis de 700 proxectos ao abeiro dos GALP. Contaron cun apoio público de máis de 37 millóns de euros e un investimento de preto de 80 millóns.

As iniciativas postas en marcha permitiron xerar máis de 400 empregos directos a tempo completo e a actividade inducida no conxunto da economía superou os 215 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SIMPLIFICA O ACCESO ÁS AXUDAS DESTINADAS Á MELLORA DA XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS, DOTADAS CON 1,9 M€

- Beneficianse da medida as confrarías de pescadores e as federacións destas, as organizacións de produtores e as entidades asociativas
- Galicia conta con máis de 3.600 permisos de explotación de marisqueo a pé e preto de 2.500 embarcacións especializadas nesta actividade que, o pasado ano, acadou unha produción superior ás 5.100 toneladas

O Consello da Xunta de Galicia deu conta da eliminación da exención de garantías para as axudas convocadas pola Consellería do Mar para a mellora da xestión e conservación dos bancos marisqueiros, dotadas con 1,9 millóns de euros e cofinanciadas nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

A través deste procedemento, o Goberno galego facilítalles ás entidades beneficiarias - as confrarías de pescadores e federacións destas, as organizacións de produtores e as entidades asociativas do sector- o acceso a estas achegas, habilitadas para o período 2026-2027.

Estas subvencións están destinadas a promover a elaboración e o desenvolvemento de proxectos que teñan por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en prol das poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños. Deste xeito, serán subvencionables actuacións relacionadas coa restauración da biodiversidade e dos ecosistemas, incluídos os bancos naturais, zonas de cría e reprodución das especies.

Tamén serán obxecto desta convocatoria aquelas actividades que impliquen a redución da contaminación física e química, as medidas de conservación positivas cuxo obxectivo sexa protexer e conservar a flora e a fauna e as actuacións destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras que poñan en perigo a conservación destes hábitats e especies, e que se centren en hábitats costeiros de importancia para a reprodución dos organismos mariños. Asemade, estes apoios inclúen accións que contribúan ao desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, evitando o abandono de zonas produtivas en que se estea a dar unha perda de produtividade.

Galicia, comunidade pioneira

A galega é a única rexión que ofrece un sistema real de cogobernanza, a través de plans de xestión elaborados polo propio sector, e que abarcan desde a explotación dos recursos á organización do traballo non extractivo e á conservación dos hábitats. Así, estas axudas non só contribuírán a facer rendible a actividade marisqueira, mantendo a produtividade dos bancos marisqueiros e recuperando aqueles espazos degradados co obxecto de recuperar a actividade extractiva.

A Comunidade conta con máis de 3.600 permisos de explotación de marisqueo a pé, preto de 2.500 embarcacións na modalidade de marisqueo a flote e con 700 permisos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

con algunha modalidade de recursos específicos. É unha actividade que desenvolven máis de 70 entidades asociativas e, no último exercicio, acadou unha produción superior ás 5.100 toneladas, alcanzando un valor de máis de 62 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PORTOS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA INVESTIGARÁN SOLUCIÓNS AO PROBLEMA DE AXITACIÓN NA DÁRSENA DE MALPICA DE BERGANTIÑOS CUN MODELO 3D

O ente público inviste 262.000 euros nun convenio para a mellora da seguridade

Portos de Galicia, ente adscrito á Consellería do Mar, e a Fundación Universidade da Coruña (FUAC) asinarán un convenio de colaboración para investigar solucións ao problema de axitación no interior da dársena de Malpica empregando un modelo físico en tres dimensións. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo en virtude do cal o ente público destinará 262.000 euros a este estudo.

O convenio pretende avanzar na definición dunha solución técnica definitiva para a problemática de onda longa que presenta o porto de Malpica e que xera fortes correntes, en especial dentro das comportas, deixando o porto en condicións de exposición extrema. Para esta fin encargárase o estudo ao Grupo de Enxeñaría da Auga e do Medio Ambiente (GEAMA) da Fundación Universidade da Coruña.

A participación da FUAC permitirá o uso da dársena multidireccional 3D do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) de recoñecido prestixio investigador. Este modelo físico experimental en 3D de gran tamaño introduce unha compoñente de innovación de grande importancia nesta problemática, fronte aos modelos matemáticos.

O estudo desenvolverase nun prazo de 10 meses e afondará no coñecemento científico sobre o fenómeno da onda longa, moi pouco estudado ata o momento e que non se tiña en conta na construción das infraestruturas portuarias que permanecen en uso na actualidade. O obxectivo último deste traballo é definir a solución técnica que reforce a operatividade da dársena de Malpica e mellore as condicións de traballo dos profesionais do mar deste porto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA COMPROMETE 2,1 M€ PARA RECUPERAR CONTORNAS FLUVIAIS CO FIN DE PROTEXER OS ECOSISTEMAS ACUÁTICOS E POÑER EN VALOR ESPAZOS DE LECER AO CARÓN DOS RÍOS

- O Consello coñece un informe de Augas de Galicia en que se dá conta da nova liña de colaboración estratéxica impulsada este ano para apoiar as entidades locais na restauración e posta en valor das áreas fluviais existentes nos seus territorios
- Apostarase por actuacións de rehabilitación de infraestruturas hidráulicas tradicionais, pola mellora e creación de sendeiros, áreas de descanso e outros servizos públicos e por accións de divulgación ambiental e de promoción turística
- O organismo hidráulico xa asinou os primeiros convenios para intervir en ríos dos concellos de Boimorto, Valga, Frades e A Lama e ultima outros con Cambre e Mos
- O ano que vén seguirase apostando por este tipo de accións, primando aqueles proxectos cun maior impacto ambiental e social, viables, maduros tecnicamente e cun compromiso municipal de mantemento que ofrezga garantías de continuidade

A Xunta de Galicia ten comprometidos para este ano e o que vén investimentos por un importe de 2,1 millóns de euros para apoiar os concellos na recuperación e mellora das contornas fluviais dos seus respectivos municipios co dobre obxectivo de reforzar a protección dos ecosistemas acuáticos característicos destas zonas e de poñelas en valor como espazos de ocio e lecer á disposición da cidadanía.

Así se recolle nun informe presentado esa mañá ante o Consello da Xunta para dar conta da nova liña de colaboración estratéxica coas entidades locais impulsada por Augas de Galicia nos últimos meses pero con intención de facela estable no tempo.

En concreto, o Plan de actuacións, investimentos e financiamento do organismo hidráulico incorporou en 2025, por primeira vez, unha medida específica destinada a apoiar intervencións municipais que contribúan á protección ambiental e á posta en valor dos ríos galegos. A medida está aliñada co actual enfoque das políticas europeas e autonómicas en materia de auga, que poñen o foco na necesidade de fortalecer o papel dos ríos como elemento vertebrador do territorio e peza esencial da paisaxe.

De feito, entre os obxectivos desta nova liña destacan recuperar a función ecolóxica das masas fluviais, mellorar a accesibilidade e os servizos públicos asociados e fomentar a posta en valor natural, ambiental e tamén turística das zonas de ribeira. Para poder cumprilo, apostarase por tres tipos de actuacións aliñadas cos principais retos desde o punto de vista da conservación e do uso social dos espazos fluviais.

Por un lado, a rehabilitación de infraestruturas tradicionais e funcionais que forman parte do patrimonio hidráulico (canaís de auga, por exemplo) e contribúen á seguridade e a garantir a conectividade destes espazos naturais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O segundo tipo de actuacións que se quere fomentar con esta nova liña estratéxica vai dirixido a mellorar o acceso ás áreas fluviais mediante a construción e restauración de sendeiros, áreas de descanso, sinalización ou mobiliario co obxectivo de facilitar o seu uso ordenado e sostible como espazos de lecer, educación ambiental e convivencia.

Por último, tamén se prevén accións de carácter divulgativo para dar a coñecer os valores destas áreas (naturais, ambientais, culturais...), promover o seu uso turístico respectuoso e sostible e integralas no propio desenvolvemento local de cada municipio.

A nova liña de colaboración de Augas de Galicia cos concellos neste eido xa se plasmou ata o momento na sinatura dos primeiros catro convenios para impulsar actuacións que, previsiblemente, estarán rematadas este mesmo ano. En concreto, recuperarase o sendeiro tradicional A gabia dos Ánxeles, en Boimorto; porase en valor a área fluvial do río Valga (en Valga); actuarase sobre a área recreativa da Presa, en Frades, e acometerase unha reparación na piscina fluvial do río Verdugo ao seu paso pola Lama.

Ademais, tamén se están ultimando outros convenios cos concellos de Cambre (río Mero) e Mos (río Louro) e, de cara ao próximo ano, o organismo hidráulico buscará novas accións de colaboración para mellorar espazos fluviais noutros municipios, primando na selección de proxectos aqueles cun maior impacto ambiental e social, que sexan viables ambiental e urbanisticamente, que estean traballados e maduros desde o punto de vista técnico e cun compromiso municipal de mantemento que garanta a súa continuidade.

Este tipo de actuacións impulsadas por Augas de Galicia da man dos concellos permitirán recuperar ou optimizar espazos fluviais para convertelos en lugares seguros, accesibles e plenamente integrados no uso cotián da cidadanía. Con elas, ademais, mellorarase as condicións ambientais dos ríos, por exemplo, reducindo riscos de deterioración ecolóxica, perda de biodiversidade ou degradación paisaxística, e crearanse áreas de lecer máis ordenadas, limpas e equipadas, que favorecen o benestar, a saúde e a práctica de actividades ao aire libre ao carón dos ríos.

Ao mesmo tempo, as tres liñas de actuación definidas anteriormente terán un impacto directo na veciñanza xa que buscan resolver problemas habituais neste tipo de áreas como poden ser a falta de accesibilidade, a degradación de infraestruturas tradicionais do patrimonio hidráulico, como pontes ou azudes, o abandono dalgúns tramos fluviais ou a inexistencia de espazos públicos de calidade asociados aos ríos.

Protección dos recursos hídricos

A actuación de Augas de Galicia no ámbito da recuperación e valorización das con-tornas fluviais enmárcase nas competencias que lle atribúen tanto a normativa estatal como autonómica en materia de planificación, xestión e protección dos recursos hídricos.

Ademais, tanto a Directiva marco da auga como a Lei para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos e a Lei de augas de Galicia avogan por impulsar intervencións activas de recuperación fluvial, restauración ecolóxica e mellora do estado das masas hídricas, integrando á vez criterios de sostibilidade, conservación e participación local.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A aposta pola cooperación co ámbito municipal neste eido xorde da consideración de que os concellos son administracións clave para garantir unha xestión eficaz do territorio, pola súa proximidade á cidadanía e o seu coñecemento das necesidades reais de cada contorna fluvial.

Nun contexto de crecente demanda social de espazos naturais accesibles, ben conservados e nos cales convivan os usos ambientais, culturais, sociais e turísticos, a recuperación das ribeiras e dos espazos asociados aos ríos constitúe unha oportunidade única para reforzar a identidade local, promover modelos de desenvolvemento sustentable e consolidar unha relación máis respectuosa e equilibrada co medio fluvial.

Ao mesmo tempo, esta estratexia enmárcase nos compromisos da Axenda 2030 das Nacións Unidas, contribuíndo aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) relacionados coa auga limpa, o saneamento e a protección dos ecosistemas terrestres e impulsando unha gobernanza fluvial descentralizada, próxima ao territorio e baseada en criterios como o uso responsable dos ríos, a identidade local e a recuperación patrimonial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS AXENCIAS DE CUALIFICACIÓN CREDITICIA SITUÁN A GALICIA ENTRE AS COMUNIDADES AUTÓNOVAS MELLOR VALORADAS

- As entidades destacan a situación da economía galega, cun crecemento do PIB en liña co de España e superando a media da Eurozona
- A débeda galega é inferior á media das comunidades e as previsións indican que se seguirá reducindo nos próximos anos
- O progreso da cualificación de Galicia reflicte o bo desempeño orzamentario da Comunidade

As axencias de cualificación crediticia Moody's e S&P acaban de mellorar a cualificación de Galicia, situándoa entre as Comunidades Autónomas mellor valoradas. Estes organismos avalían a solvencia e capacidade de pagamento de diferentes entidades, para proporcionar ao mercado financeiro unha opinión independente e obxectiva sobre o risco crediticio, o que axuda aos investidores a tomar decisións informadas.

Son, pois, piares do mercado de valores, xa que as súas avaliacións inflúen de forma directa no custo e na dispoñibilidade do crédito, de aí a importancia da boa cualificación de Galicia, que reflicte o bo desempeño orzamentario da Comunidade.

De feito, hai unhas semanas, a axencia Moody's elevou a cualificación para Galicia dun grao de investimento nivel medio a medio-alto (A3), xunto a Andalucía, Asturias, Castela e León e Madrid, situándoo ao mesmo nivel que o de España. Pola súa banda, S&P acaba de publicar a actualización da cualificación das CC.AA., na que Galicia pasa de A a A+, xunto a Canarias e Cantabria, tamén cun nivel de investimento medio-alto.

As axencias de cualificación crediticia recoñecen, deste xeito, o bo desempeño da economía galega, cun crecemento do PIB en liña co de España e superando a media da Eurozona e unha taxa de paro que se mantén de xeito sistemático por debaixo da media nacional.

Nivel de débeda

A posición de liquidez de Galicia segue sendo forte, apoiada por un bo acceso aos mercados financeiros, incluíndo a emisións de bonos sostibles.

S&P sinala que a débeda galega é inferior á media das comunidades e as previsións din que se seguirá reducindo nos próximos anos. Galicia continúa a financiar as súas necesidades de forma independente a través dos mercados de capitais, sen necesidade de recorrer ás liñas de liquidez do goberno central.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN POR MÁIS DE 3,6 M€ DAS OBRAS DE REFORZO DO FIRME EN TRES ESTRADAS NOS CONCELLOS DA ESTRADA E DE AGOLADA

- Os traballos consistirán na rehabilitación de distintos treitos da PO-841 e PO-213, no concello da Estrada, e da PO-840, no de Agolada
- Intervirase no treito de algo máis de 6,3 quilómetros de lonxitude da PO-841, entre o punto 11+760 ata o 18+085, realizando accións puntuais nas rotondas ata o punto 21+510; e na PO-213, en varios treitos repartidos ao longo dos seus 15,3 km
- A actuación na PO-840 inclúe intervencións ao longo do treito de 9,8 quilómetros de lonxitude, comprendido entre os puntos 58+960 e ata o 68+766
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará as obras na vindeiras semanas co obxectivo de adxudicar e iniciar os traballos no segundo trimestre do vindeiro ano
- O Goberno galego continúa a apostar pola mellora das características da rede actual de estradas de titularidade da Xunta, o que supón un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria

O Consello da Xunta acaba de darlle luz verde á licitación das obras de reforzo do firme nas estradas de titularidade autonómica PO-841 e PO-213, no concello da Estrada, e na PO-840, no concello de Agolada.

As actuacións, que suporán un investimento autonómico de máis de 3,6 M€, teñen como obxecto a rehabilitación da capa de rodaxe para mellorar as condicións de circulación nos distintos treitos destas dúas estradas.

De xeito máis concreto, no municipio da Estrada, estas intervencións desenvolveranse no treito de algo máis de 6,3 quilómetros de lonxitude da PO-841, desde o punto 11+760 ata o 18+085, realizando accións puntuais nas rotondas ata o punto quilométrico 21+510; e na PO-213, en varios treitos repartidos ao longo dos seus 15,3 km.

No caso da actuación na PO-840, ao seu paso polo municipio de Agolada, os traballos que se van contratar prevén intervencións ao longo do treito de 9,8 quilómetros de lonxitude, comprendido entre os puntos 58+960 e ata o 68+766.

A actuación consistirá na renovación superficial do firme existente nos distintos treitos destas vías de titularidade autonómica.

Ademais, repoñeranse marcas viarias lonxitudinais e transversais, e realizaranse traballos de conservación e limpeza da drenaxe actual.


As intervencións obxecto deste contrato non implican a realización de ningunha expropiación, xa que todas están incluídas dentro da franxa de dominio público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar estas obras nas vindeiras semanas, para poder adxudicar e iniciar as obras no primeiro semestre do ano 2026. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

O Goberno galego segue a traballar e a apostar tamén pola mellora das características da rede actual de estradas de titularidade autonómica, supoñendo un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria.

Plano de situación das estradas de titularidade da Xunta de Galicia nas cales se intervirá:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA REFORZARÁ OS APOIOS ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS DESEMPREGADAS NA PREVENCIÓN DOS LUMES COA FIGURA DA PERSOA COORDINADORA

- O Consello analizou un informe sobre a iniciativa *Galicia Suma Talento: Rural Activo*, dotada con 20 M€ e que dá continuidade á renovación integral das políticas activas de emprego para potenciar a empregabilidade e a defensa sostible do territorio
- Como novidade, asignarase un contrato adicional para desenvolver os labores de coordinación aos concellos adheridos ao convenio de colaboración entre o Goberno galego e a Fegamp en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais
- Co foco na protección do medio rural, por primeira vez asignaranse máis persoas contratadas aos concellos con máis de 1.500 hectáreas de redes secundarias de franxas de xestión de biomasa
- Con esta acción, o Executivo autonómico prevé apoiar unhas 300 entidades locais na contratación de máis de 1.000 persoas desempregadas durante nove meses a xornada completa para tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios

Dando continuidade á renovación integral das políticas activas de emprego e á aposta estratéxica a prol do rural, o Goberno galego reforzará no ano 2026 os apoios ás entidades locais para a contratación de persoas desempregadas no ámbito da prevención de lumes. Neste sentido, o programa *Galicia Suma Talento: Rural Activo*, dotado con 20 M€ o ano que vén, supón un novo enfoque nestas axudas incluíndo novidades como apoios para a contratación de persoas coordinadoras municipais de prevención de incendios que, neste caso, poderán roldar os 26.300 € por persoa contratada. Deste xeito, búscase fortalecer a planificación e eficacia dos traballos de prevención de incendios forestais, pois a persoa coordinadora —que poderá ser enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro técnico/a forestal e similares— encargarse de guiar, con base nesa planificación autonómica, o traballo das persoas que se contraten ao abeiro desta iniciativa.

Ao fío da incorporación desta figura asignarase un contrato adicional para desenvolver estes labores de coordinación a todos os concellos adheridos ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais. Ademais, este programa, que será lanzado no comezo do ano 2026 e foi analizado hoxe no Consello da Xunta de Galicia, garantiralles aos concellos afectados polos grandes incendios forestais do verán/outono de 2025 o mesmo número de persoas contratadas este ano, sempre que se cumpran a totalidade de requisitos na convocatoria. Por exemplo, se un concello tivo tres contratos neste eido no 2025, terá os mesmos no vindeiro exercicio.

Outra novidade

A isto engádese que por primeira vez se asignarán máis persoas contratadas aos concellos con máis de 1.500 hectáreas de redes secundarias de franxas de xestión de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

biomasa. Neste sentido, poderán recibir subvención para ata cinco contratacións para labores de prevención de lumes e adicionalmente para contratar dúas persoas en tarefas de coordinación neste eido.

Este reforzo súmase ao que está a facer o Goberno autonómico noutras medidas a prol da empregabilidade das persoas sen traballo que contan con maiores dificultades de inserción laboral e da consolidación dun modelo de prevención baseado na cooperación entre administracións. Entre outras, nos obradoiros duais de emprego 2026-2027, nos cales se reforzarán os relacionados coa prevención forestal.

Máis detalles da orde

A orde de *Galicia Suma Talento: Rural Activo* publicarase no DOG a comezos do ano 2026 e o Goberno galego prevé apoiar con ela unhas 300 entidades locais na contratación de máis de 1.000 persoas desempregadas durante nove meses a xornada completa para realizar tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios — planificación preventiva, valorización forestal, silvicultura, limpeza de montes ou xestión da biomasa—. Neste sentido, as contías das axudas ás entidades locais por persoa contratada son para apoiar os custos salariais e da Seguridade Social e poderán oscilar entre os preto de 17.000 € e os 26.300 € por persoa contratada, segundo o seu perfil e grupo de cotización.

Ademais, con esta iniciativa, o Goberno galego continúa potenciando a formación das persoas contratadas en aspectos como as tarefas de prevención de incendios, o risco de lumes e o manexo de ferramentas e maquinaria empregada nestes labores, entre outros. Tamén se continuarán priorizando na selección —da que se encargan as oficinas de emprego—, entre outras, as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, así como as persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas AFD, relacionadas co eido forestal, a conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.

Con este novo enfoque que brinda este programa a este tipo de apoios autonómicos, a Xunta busca impulsar a mellora da empregabilidade das persoas participantes dotándoas de experiencia e práctica profesional. Ao mesmo tempo, como prioridade estratéxica, apóiase a prevención de incendios forestais reforzando a defensa sostible do territorio.